

Os Kíts Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



POLOS CREATIVOS

KS-Cosendo co teu pai 3-Aplica

Actividade elaborada coa colaboración de



Achega

- Feltro de cores.
- Tesoira.
- Agulla, dedal, broches metálicos e broche plano.
- Pila botón 3V 2032.
- *LED flash*.
- Fío téxtil e condutivo.
- Cartón fino.
- Modelos descargables.

Observa

As siglas LED significan “*Light emitting diod*”. Un díodo é un compoñente eléctrico con dous eléctrodos (un positivo e un negativo), que só permite que a electricidade pase libremente nunha dirección. É por iso que se di que está polarizado.

Indaga

- O primeiro rexistro relevante sobre os *LEDs* remóntase a Inglaterra en 1907, cando **Henry Joseph Round** observou a emisión de luz nun cristal de carburo de silicio. Pero non foi ata o ano 1952 cando **Nick Holonyak**, grazas aos descubrimentos efectuados por **Henry Joseph Round**, **Georges Destriau** e **Oleg Lossev**, creou o primeiro *LED* que emitía unha luz vermella.
- De que cor son os teus *LEDs*? Afecta o seu funcionamento esa cor? Proba coa axuda da pila conectando ben as patas. Lembra a polaridade.
- Atopaches un *LED* distinto? Son os chamados *flash*; moitos deles inclúen un sistema de autovariación da cor, de maneira que produce escintilacións e cambios de cor de forma automática. Podes atopar unha explicación no seu comportamento?
- Este invento revolucionario marcou un fito na historia da iluminación ao ofrecer unha alternativa eficiente ás fontes de luz tradicionais.

Nivel Básico 

Prototipa

- Seguimos coa segunda insignia e-téxtil: outro deseño que nos achegará confianza e manteranos a lume de biqueira cos e-téxtiles; simple e sinxelo. Como te sentes? *HIGH* ou *LOW*?
- Corta as pezas para este segundo broche e sigue as indicacións do documento paso a paso.
- Conseguiques que acenda o *LED* flash? Moitos parabéns!
- Podes facer outras adaptacións desta proposta deseñando un novo broche e empregando o mesmo portapilas.



Sigue o código QR do reverso para descargar o material complementario. Emprega o acceso de convidados.

